



Ma cova, que
din que ía
rematar no
monte, saía
unha muller a
peitearse
nunha especie
de eiríña que
ali había.
A mesma
imaxe
aparecía no
monte...

Narrativa de tradición oral na parroquia de Cela

LENDAS E MITOS



Ruínas da ermida de San Lourenzo

Asociación Cultural Danzadeira
Cela



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U.
Dirección Xeral de Política Lingüística

A XEITO DE PRESENTACIÓN.....

Continuamos co noso labor divulgativo ó recoller e editar unha parte tan fundamental da literatura de tradición oral como son as narracións lendarias: "as que tratan sobre sucesos, feitos ou crenzas que teñen máis de tradicionais ou marabillosos que de verdadeiros".

Non se realizou unha división entre lendas e mitos e entendeuse o conta como unha narración popular cun carácter máis de entretenimento intrascendente, aínda que poida pretender deixar unha ensinanza, sin existencia de seres míticos e que así entendidos non se recollen neste caderniño. Será tarefa para posteriores ampliacións do traballo de campo realizado.

Pretendeuse realizar un labor de recollida -algúns socios comenzaran hai anos- na parroquia para evitarmos a súa perda e esquecemento. Foron por tanto, distintos recopiladores polo que se pode advertir diferencias de estilo. Os trazos dialectais mantéñense cando ó xuízo do recopilador e informante introducían distintos matices, normalmente semánticos. Considerouse un xeito de zanxar o tema ou palabra a debate.

Somos conscientes de que a capacidade humana de invención e creatividade adáptase ós novos medos e ós novos descubrimentos, razón pola que incluímos a última lenda.

No capítulo de agradecementos unha aperta moi sentida a todos os que fixeron posible esta entrega, mulleres e homes de ben que dedican o seu esforzo a unha causa colectiva de xeito altruista.

FONTE DOS GATOS

No lugar do Souto, ó outro lado da estrada onde se atopa a fonte do mesmo nome ou dos Remedios, existía baixando uns pasos de escaleira, a fonte dos Gatos.

Contan que, hai moitos anos, un rapaz foi buscar auga cun xerro; pero en lugar de auga a fonte botoule trigo. O neno asustado marchou para casa co xerro baleiro. Ó chegar contoulle ós seus o acontecido. A nai díolle que fose correndo a encher o xerro pero cando chegou botaba auga de novo.

FONTE DOS REMEDIOS

No mesmo lugar do Souto contan a lenda da rapaza que foi á auga e saíulle ouro en vez de auga, o que foi reconecido por todos como un milagre.

PEDRA DA LIÑAZA

Cerca dos tres camiños, na noite de San Xoán, antes de sair o sol, aparecía liño a secar e unha persoa que cho ofrecía.

Cóntase que esta aparición ocorríalle os "personas retrasadas."



Pedra da liñaza

PEDRA DA LIÑAZA II

En Coteleiro, cerca dos tres camiños, no día de Corpus e as doce do día sae unha princesa vestida de virxe ou disfrazada de galiña con pitos.



A pedra da liñaza consérvase na actualidade rodeada de eucaliptos. A súa función primitiva era servir de base para mallar as plantas de liño e recoller a semente – liñaza-posteriormente.

A VOLTA DO PINO

As doce en punto da noite de San Xoán, na volta do Pino (Loureiro), na parte de arriba da actual estrada, os donos dunha casa saíron á eira a coller semente de fento debaixo da viña (por estar máis protexido polas estacas en forma de cruz) para colocala nunha tea unha vez apañada. A intención de recolectar esta semente era que no día de San Xoán lle dese o sol para que a convertise no dourado.

Cando estaban colléndoa tiveron que escapar para dentro da casa xa que alguén ou algo lles meteu medo. Unha vez que se atopaban no interior abriron a tea para limpar a semente, nisto empezou a saltar e non a viron máis: desaparecera.

LENDAS DO XISTRO

Había antigamente unha árbore neste lugar na que se facía meiguería. Unhas bruxas facían un círculo ou un triángulo. Uns nenos que foron xogar miraron aquelas manobras. De súpito, comenzou a escurecer e desencadeouse unha gran tormenta. Os nenos marcharon correndo ó mirar facer bruxería a aquellas vellas.

Cada día de treboadas volvía suceder o mesmo. Para resolver esta situación, nun fortísimo temporal, os nenos acompañados por unha persoa maior trazaron no chan un círculo de sal e auga bendita: todo desapareceu e a árbore secou.

LENDAS DO CASTELO

Neste lugar reunianse tres bruxas a facer os círculos de Salomón. Un rapaz que sempre xogaba por alí, mirou como ó facelos presentábase un xigante cun carro cheo de ouro e tesouros; aparecía e desaparecía cando as bruxas querían.

O neno contoulla ó cura e decidiron ir ó lugar para observar detidamente o que pasaba. Cando as bruxas remataron, eles fixeron o mesmo: aparecérseles o xigante co carro cheo de riquezas.

- ¡Meu Deus! - exclamaron a unha.

Ó nomear a palabra santa desapareceu o carro, o xigante e os tesouros.

PEDRA DO CAPITÁN

No monte da Barraca, fálase dunha pedra de grandes dimensións, usada de marco para separar as terras de Bueu e Ermelo, na que se colocaron as iniciais H.L.O. Nesta pedra dise que morreu un capitán cando estaba dando ordes ós seus soldados.

Unha serpe que viron os veciños da parroquia apareceu polo medio duns toxos. O seu tamaño era inmenso, arredor duns sete metros. Semellaba ter características de "crobe de auga" e o mesmo tempo de "crobe terrestre".

A COVA DE TRIGÁS

Perto da cova do lugar de Trigás atópase unha pedra fendida chamada a Pedra do Mediodía.

Certo día cadrou a pasar por ali a un rapaz de Cela, que quedou moi sorprendido ó mirar bailar a dúas princesas encantadas.

Algo medoñento e con moita curiosidade preguntoulles:

- ¿Que estades a facer aquí?

Elas contestáronlle que eran fillas dun rei e que estaban naquel lugar por mor dun encanto feito por un "ghalife" que as deixaba saír cada cen anos.

Para que se rompese o encanto tería que acudir á día seguinte e coller dúas serpes que saíran do mesmo sitio. Non debería tomar medo ante os réptiles áinda que se lle achegasen. Se todo se facía segundo correspondía, por seren moi moi ricas, ó quedar desencantadas dariánlle moito ouro.

Tal como quedou, o rapaz volvou; pero cando mirou as serpes asustouse e exclamou:

- ¡Que a Virxe do Pilar me valla!

As serpes caeron moi bundance. O rapaz adentrouse na cova e viu moito ouro, as bichas entraron tras el:

- Se non querías desencantarnos, escusaches de vir facernos dano, xa que ata agora saímos cada cen anos e daquí en diante desapareceremos ata a consumación do mundo.

Ó dicir isto desapareceron elas e máis o ouro.

Dise que un vello cura de Cela tiña un libro que cando se lía ó revés curaba as doenzas derivadas do mal de olllo, pero a cambio ó cura morrialle todo o gando que tiña. Sábese dun cura que o realizar a lectura morreulle a porca que había na casa.

TRASNO

Os trasnos adoitan aparecerse con distintas formas:

Un home viaxaba de noite cando atopou un cabalo branco. Como non tiña con que atalo colleu un cordón de San Antón -outros din de San Lourenzo- que levaba á cintura e amarroulo á pescozo do cabalo coa intención de levalo para a súa casa.

O darlle a luz do día o cabalo empezou a brincar querendo soltarse; pero debido ó cordón non pudo. O home fixose o dono do cabalo, que non era outro máis que o trasno trasfigurado.

O TRASNIÑO ENREDANTE


Unha muller fora á feira e como tivera moito que amañar fíxoselle tarde polo que era de noite cando regresaba a casa. No medio do camiño atopou unha boa torada de leña e como naqueles tempos facía falta, botouna ó lombo. Cada vez pesáballe máis polo que chegou un momento que tivo que deixala e ir buscar ó seu home para que lle axudase. Cando regresaron a onde deixara a torada desaparecera. Falando co home déronse conta que era un trasno transformado nun tronco que quería facela rabear.

A PEDRA FENDIDA



Un raio rompe en dous anacos un dos grandes penedos ubicado na praia de Agrelo. Esta situación é aproveitada polos veciños para estableceren o límite entre as parroquias de Cela e de Bueu. Na parte superior de cada unha das metades da rocha, están cinceladas as letras C de Cela e B de Bueu.

Detalle das letras B (Bueu) e C (Cela) colocadas na parte superior da rocha.



Outra variante narra os “feitos” do seguinte xeito:

Os límites entre parroquias foron sempre tema de litixio entre os veciños. As parroquias de Bueu e Cela tiñan dificultades para establecer un indicador definitivo na praia de Agrelo que solucionara a liorta. Din que este conflíctio quedou zanzado cando o mar sentenció coa rachadura da pedra, dende entón **PEDRA FENDIDA**, os límites que ata o de hoxe se consideran definitivos.

Na metade do oeste está colocada a letra B de Bueu, na metade leste atopase gravada a C de Cela.

Contan que foi precisa a intervención das forzas da natureza para dar termo e solución a un conflíctio que estaba retirando as falas duns veciños a outros.

A COVA DO XISTRO



Estas dúas imaxes mostran o interior da cova do Xistro.



O rematarmos a praia de Portomaior en dirección leste atopamos un grupo de penedos, sobre os que localizamos a actual finca de Massó, que coinciden cun entrante de mar onde se atopa ubicada a chamada **COVA DO XISTRO**. Unha vez desprazados no interior durante uns poucos metros observamos hoxe que chegamos á seu remate.

Isto non foi sempre así, hai moito a citada cova estaba comunicada co monte Castelo -outros din que cos montes de Chans- a través dun pasadizo subterráneo.

Cando xa a cova estaba medio derruída introduciuse, xa os informantes non saben precisar cando, un galo que apareceu posteriormente nos citados montes e considerouse a proba irrefutable da comunicación baixo a terra.

A MULLER DA COVA DO CACHACHO



A entrada da cova de Cachacho, nos cantís do monte do Xistro, atópase obstruída por uns flotadores de batea producto dos temporais do inverno.

No buraco ou cova do Cachacho, que din que ía rematar ó Castelo, saía unha muller a peitearse nunha especie de eiriña que alí había. A mesma imaxe aparecía no monte citado ás doce en punto da noite.

A construción atribúise “ós mouros” e dará lugar a outros relatos que citan á moura como personaxe fundamental .

COVA DA MOURA

Respectivo ó monte Castelo, sito na parroquia de Ardán, existe a lenda do tesouro relacionado coa Cova da Moura, ubicada en

“Xartaces”, Portomaior, que disque chegaba un túnel dende ela a unir coa cima do monte. Alá enriba, fálase de dúas curiosidades: unha arca e unha mesa, en pedra ámbalas dúas. A mesa tapaba a saída do túnel e a arca (que era un monólito cuadrangular) tapaba o tesouro dos mouros.

A COVA DOS MOUROS

En tempos, os mouros desemburcaron na Punta Peniche, un saínte no mar, despois de Praia de Covelo. Xunto a uns penedos grandes hai unha abertura que da paso a unha cova por onde se meteron os mouros que seguindo un camiño por debaixo da terra chegaban a punta do Monte Castelo; os más vellos decían que había unha pedra grande coma unha lareira coa escritura deles.

A COVA DA LONDRA

Dise que cando os mariñeiros traballaban coa arte nas praias de Loureiro, Agrela, Porto Maior, Muíño Vello, Lapamán, ..., antes de que encheran a ría de bateas, podíase observar nalgúnsas noites como un animal, aproximadamente do tamaño dun gato, atravesaba dende os penedos a distancia que mantiña o cope da praia e ía cara os peixes que viñan no aparello.

Os mariñeiros que alaban nos cabos, ou cando xa estaban no calón do aparello, acostumaban a berrar ialá vai a londra*!, cando vían aquel animal que parecía un gato, xa as consecuencias ían ser a rotura das redes de pano e a perda de todo ou gran parte do peixe.

Alguíns din que nunca poideron localizar nas ladeiras do Xistro a furna ou cova onde vivía para facela desaparecer, outros que coincide a súa entrada coa que hoxe áinda se conserva filtrándose por debaixo das laxes do monte nun complexo conxunto de galerías intercomunicadas, uns terceiros aclaran que o animal se extinguiu ó

escasear a pesca e os menos falan de que o citado só vivía na cabeza e no medo que os más vellos querían inculcar nos más novos.



- **Londra ou lontra:** *Lutra lutra*. Este animal está adaptado á vida acuática e escava o seu tobo nas ribeiras. Mantense baixo a auga de seis a oito minutos. Aliméntase de peixes e tamén de crustáceos e anfibios. Vive de dez a dezaoito anos. É mamífero e o seu tamaño está entre os trinta ou corenta cm de altura e uns noventa dende o fuciño ata o rabo. Cast.: nutria de mar.

PEDRA DA PENA

Din que unha muller que vivía na Pena, no Cabo de Arriba, botou de menos unha galiña que vira chocar os días anteriores.

Buscou no capoeiro, buscou no palleiro, buscou na herba seca, buscou no toxo, buscou na chouzo; non había señas por ningún lado. Chegou a conclusión de que á galiña debería comela algún bicho: un raposo, unha matuxa, ... ; pero estranáballe xa que non atopaba restos: ademais se fora a matuxa o corpo ía aparecer porque só lle chucha o sangue.

Pasados uns vinte días escoitou coma un piar de pitos que viñan de debaixo da Pena: alá viña a galiña toda campante que ela xa dala por desaparecida. Agrandouse a sorpresa ó ver que esta estaba acompañada por uns pitos roxiños, roxiños de ouro.

FONTE DE SAN LOURENZO

Dise ca auga desta fonte ten propiedades milagreiras: servía para lavar as espullas, chagas e feridas.

Se se leva para casa dura de oito a quince días fresca, coma recén collida.

Cando se bebia ó ir traballar ás tomadas que se tiñan polas proximidades, notábase como toraba os dentes, áinda nos días de máis calor.

Era costume que na noite de San Xoán fose a mocidade en parranda a lavar a cara porque tiña virtude.

Nesta mesma fonte, tamén na noite de San Xoán apareciase unha galiña con pitos de ouro.

A fonte está moi perta da ermida da mesmo nome e áinda, cando se celebra a romería, son moitos os romeiros que ó remate do xantar baixan garrafas ou botellas, coñecedores das excelentes propiedades da auga.



Imaxe actual da fonte de San Lourenzo.

LENDAS DO CANO DOS COVELOS

No cano dos Covelos en Paradela houbera un encanto consistente en que ás doce da noite do día de Nadal saíra unha galinha con pitos de ouro.

A PEDRA DA CROBE

Na antiga casa de Bughán existía unha pedra, hoxe xa moi gastada, que servía para extraer o veneno das picaduras das serpes.

Coméntase que esta pedra chegara de Cuba, aportada por un antepasado familiar.

A pedra traía un documento sobre as súas virtudes e uso:

"As admirables virtudes da pedra serpe procedente das Indias.

En moitas provincias das Indias Orientais e principalmente na Quansi, nacen certas serpes moi venenosas, con pelo na cabeza, e chámansen serpes peludas, atopándose na súa cabeza unha pedra de grandes dimensións.

A súa cor vén a ser negra con algunas manchas cínsentas. A pedra para coñecer se é boa ou falsa, arrimandoa ós beizos debe pegarse fortemente. Aplicada a pedra sobre a mordedura ou picadura de calquera animal venenoso, logo pégase e chípase todo o veneno caendo despois por si mesma, deixando á persoa ofendida, san e libre. Despegada a pedra métese nun pouco de viño ou auga e déixase un pouco de tempo co obxecto de que largue todo o veneno, e despois lavándoa moi ben consérwase para outras ocasións.

Se despois de caída a pedra da parte ofendida, continuase a dor, despois de lavala, aplicarase outra vez e continuarase desta maneira ata que a dor se quitara enteramente; porque mentres houbesse veneno sempre se pegará a pedra.

Se acaso a mordedura estivese xa pechada é preciso abrila coa punta dunha navalla para que a pedra se agarre mellor.

Aplicada dita pedra sobre a mordedura de cans, víboras, sarabandixas, escorpións, arañas, avésporas ou outro animal venenoso sanda en breve.

A pedra aplicada sobre tumores malignos ou outros males semellantes, abriremos un pouco para que se poida agarrar a pedra e chupar brevemente todo o humor.

A pedra feita po, bebida con viño ou auga, bota fóra calquera veneno por mordedura de animal venenoso, inda que se introducira na parte interior.

Co feliz éxito está probada por moitos para curarse úlceras, chagas e outros vultos exteriores.

Principalmente sana de toda inchazón, cravadura de astilla, ferida ou queimadura ou de humor acanizado..."

O FIN DO MUNDO

Dise que o fin do mundo chegará entre nós cando se cumpran as seguintes condicións:

- Cada casa teña a súa tasca.
- Todos os camiños estean convertidos en estradas.
- Somente nazan homes ou mulleres.

EN TODAS CASAS DE ESCUDO

Entre elas a dos Picos da Graña, pazo de Santa Cruz,... fálase da existencia da **PINGUEIRA DA INQUISICIÓN**: poñían a unha persoa nun sitio que non se revolvía; morría caéndolle unha constante pingueira de aceite templado na cabeza.

O ANGHINIDO

Cando os meniños estaban fraquiños e cambillaban as pernas íase a unha casa que tivera dúas portas ou entradas. No chouzo había atoparse unha cepa con dous ghallos.

Collían o meniño dúas rapazas vírxes pasándono polo medio da cepa decíndolle unha á outra:

- Toma María
- ¡Qué me dás?
- O meniño do anghinido
- Anghinido che pase pola gracia de Deus e o Espíritu Santo (nove veces).

Despois as dúas rapazas ían polo río arriba cun caldeiro e unha ferrada. Debían pasar por nove muíños, e no cubo do muíño collían unha ferrada de auga, unha en cada cubo.

Despois de coller a auga nos nove cubos, lávase o neníño nove días con aquela auga.

Sempre se lle debía dar un agasallo as rapazas, daquela normalmente un ou dous patacos, e tamén algo de comer.

PEDRA DOS MOUROS

Dende a pedra da Bandeira (en Paralaia, monte aberto de Ermelo) cara á Moaña está a pedra dos Mouros. O seu carón hai un túnel que se cree ten saída en Ermelo ou Bueu.

A FACHA

Semellábase á Santa Compaña. Consistía na aparición dunhas luces no camiño que se cría que eran motivadas polos rezos ou castigos das curas, simbolicamente podía adquirir o significado de pronta morte ou desgracia segura.

Algunos díen que non era máis que unha maneira de meter medo á xente.

A ERMIDA DE SAN LOURENZO

Antigamente os vello díxan que a parroquia de Cela tiña tres capelas: a de Santiago de Ermelo, a de San Dego da Illa do Santo, e a de San Lourenzo.

A capela de San Lourenzo sempre pertenceu a parroquia de Cela, de feito o santo coa grella está na igrexa de Santa María de Cela.

Como as terras que rodean a ermida eran boas, algúns veciños querían facerse amos, polo que botaron uns cabalos e uns bois dentro dela e profanaron o recinto arrubándoo en parte.

Por aquel tempo xente da doutras parroquias, estaban a facer as casas e vendo aquelas pedras tiradas; cada un pola súa conta foron cos carros de bois a coller algunha. En concreto foron sete familias.

Despois dun tempo, todo foron desgracias para esas xentiñas: enfermidades, mortes, colleitas malas, e incluso a alguno morréronlle

fillos. Buscando un porqué a tanta desgracia xunta, falando uns cos outros, no que coincidían era en que todos tiñan algunha pedra da capela, polo que decidiron que o mellor era devolver ó santo o que era del.



Así din os vellos que de San Lourenzo saíron as pedras en sete xugadas de bois para sete casas e esas mesmas pedras volveron para San Lourenzo nunha xugada de bois, pois tódolos veciños xuntáronse para devolverllas ó santo, rezarlle e pedirlle perdón.

A PEDRA DO BURGO

Na baixada da costa do Burgo contan que hai unha pedra na que existe un buraco que comunica con Punta Cachacho.

Outros din que só foi un buraco para gardar cousas no tempo da requisa para evitar perdelas e que tamén escondeu xente na Guerra Civil.

A CHEGADA DOS MONXES A CELA

Cando botaron ós monxes de Ermelo chegaron a Cela sete deles. Co tempo estes sete monxes deron lugar ás sete familias máis pudentes da parroquia.

O INFERNO

Cóntase que a orixe deste nome débese á caída do cabalo dun crego.

Ó atravesar a ponte do río, o cabalo espantouse e o crego caeu ó río producíndose a súa morte.

OS LAÑOS DOS CONGROS

Dende a praia de Portomaior ata a de Covelo está a beira do mar cercada por penedos. Nos baixíos destes rochedos hai numerosos laños nos que pican os congos, as moreas ou as martilongas cando se lle bota unha liña, unha varisca ou un palangre con isca de sardiña, cabala ou bolo; pero o certo é que somentes se poden pescar os de máis pequenos xa que os de maior tamaño viven fechados en pequenas covas das que non poden saír: metéronse nelas de crías e ó ir aumentando o seu tamaño so asoman a boca para alimentarse.

OS QUE ASUBÍAN NO MAR

Moitos dos vellos mariñeiros que traballaron á arte nas nosas praias, ou noutro labor propio de pescadores, recibiron unha mala contestación ou unha lambazada cando no primeiro día de faena asubíaban de contentos ou despistados.

- Na mar non se asubía - recibiron por resposta.

Aínda hoxe non teñen un porqué único. Uns argumentan que os peixes senten no mar o timbre fino do asubiar e arruínas o día; outros que vén de cando os barcos navegaban a vela e que se o facías o vento podía respostar máis forte; tamén hai quen xustifica que no mar hai que estar cos cinco sentidos e se estás á pandullo hai que estar ó pandullo e non a outra cousa.

UNHA LENDA DOS ÚLTIMOS TEMPOS

O mariñeiro contan e dan fe da experiencia acontecida a varios compañeiros que navegan polos mares asiáticos.

Ó chegar a terra despois de meses sen tocar porto, ¡a fame é negra! a desesperación fainos recorrer distintos garitos ata encher o barco cuns cubatas ou c que se tercie.

Fálase de que algúin conseguiu irse cunha fulana despampanante. Despois de avisar polo móvil a un compañero que non durmiría no barco e que non se preocupara, camiñou a parella de madrugada ata a habitación dun hotel.

Unha noite de pasión coma as do cine: ¡non tiña xeito de ser contada, incríble!.

Coa mañá xa ben entrada estendeu o brazo e deuse conta que se atopaba só. Levantouse e foi dereito ó baño. Ali atopou escrita no espello cunha barra de carmín “Wellcome to club of AIDS” ou algo parecido -Benvido ó club da SIDA-.

A continuación puño o libro e nore en os titullos das súa páxinas.

PEDRA DO MIRGO

Na parte da costa de Galicia que máis fondo nos nosos mares ten, atopámosnos sempre en situación de perigo.

Nos mares de Galicia, aínda que non tanto, atopámosnos sempre en situación de perigo.

Na parte da costa de Galicia que máis fondo nos nosos mares ten, atopámosnos sempre en situación de perigo.

No tempo anterior ao ano de 1982 atopámosnos sempre en situación de perigo.

No tempo anterior ao ano de 1982 atopámosnos sempre en situación de perigo.

No tempo anterior ao ano de 1982 atopámosnos sempre en situación de perigo.